



Programación Docente de TECNOLOXÍAS PARA A MÚSICA II

Ensinanzas Superiores de Música Título Superior de Música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA TECNOLOXÍA MUSICAL

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								ITINERARIO	Todos agás Etnomusicoloxía e Composición
CARÁCTER	A) Formación Básica								TIPO DE CLASES	Colectiva
DEPARTAMENTO	COMPOSICIÓN								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	D. José Antonio Cantal Mariño
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	D. José Antonio Cantal Mariño
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase	2
ETCS/ CUADRIMESTRE		2							Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	D. Juan Eiras Tojo				juan.eiras@edu.xunta.es				Mércores - 17:30 h.	
	D. David Cuevas Sánchez				davidcuevas@csmvigo.com				Xoves - 12:30 h.	

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Estudo das novas tecnoloxías aplicadas á música. Coñecemento dos recursos técnicos que lle permitan ao alumnado manipular de forma autónoma diferentes ferramentas tecnolóxicas no eido da edición de partituras, da secuenciación musical, microfonía e técnicas de gravación, procesamento e difusión do son. Busca e difusión de contidos a través de redes informáticas.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuatrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuatrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Acústica xeral; Acústica aplicada á Producción e Xestión; Análise; Harmonía e contrapunto.
TRANSVERSAIS	T1, T3, T4, T16
XERAIS	X5, X8, X9, X21, X22, X23
ESPECÍFICAS	EI6, EP2

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Realizar edicións de todo tipo de partituras do xeito máis eficaz e abrangendo todas as posibilidades dun editor de partituras.	T1, T4
2. Realizar instrumentacións virtuais de partituras empregando todas as posibilidades do audio e do MIDI	T3, X5
3. Coñecer os conceptos teóricos básicos no terreo do audio dixital.	X9
4. Interacción do programa FINALE con outros programas para permitir a súa exportación noutros formatos, como pdf, XL, audio ou extracción de exemplos musicais en jpg ou tiff, a súa importación en word, e aplicación a outros campos.	X22, EI6
5. Aplicar os coñecementos adquiridos na realización de traballos.	T16, X8

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
D. Juan Eiras 1. A tecnoloxía dixital. 2. Elementos básicos. 3. Elementos máis comple-xos. 4. Formato e impresión. 5. Formatos. 6. Avaliacións	1. O ordenador, as plataformas e os sistemas operativos. A edición musical e a informática. Coñecemento do contorno da notación. Os editores de partituras. Configuración das preferencias. As ferramentas de notación. 2. Elementos básicos da notación musical e creación de patróns de instrumentos: Figuras. Silencios. Alteracións. Ligaduras de valor e expresivas. Puntillo. Notas de adorno. Símbolos de 8ª alta e baixa. Pauta, número de liñas. Compases e números de compás. Pentagramas e grupos. Armadura, compás (metro) e clave. Características de cada instrumento: nome, clave, barrado, transporte, eliminar pausas, etc. 3. Elementos máis complexos da notación e adición de texto a un fragmento musical: notas dun pentagrama a outro. Divisi (escrita por capas). Enarmónicos. Grupos irregulares. Signos de articulación, expresión e repetición. Transposición diatónica e cromática. Trinos e trémolos. Notación antiga. Modificación das cabezas de nota e plicas. Escrita do texto nunha e en varias voces. Duplicación do texto no mesmo ou noutro pentagrama. Colocación do texto. Colocación individual de sílabas. Borrar sílabas. Melismas. 4. Formateo e impresión da partitura: Tamaño, disposición e sangrado da páxina. Títulos. Números de páxina. Bloques de texto. Impresión. Partes extractadas. 5. Formatos de arquivo e compatibilidades: .sib, .mus, etc., exportar como gráficos, pdf. 6. Avaliacións inicial e final.	17
D. David Cuevas 1. Actividades introductorias. 2. Formatos. 3. Interacción de audio e partitura 4. Partituras de orquestra.	1. Explicación do "libro de traballos" e da páxina web onde se ache aloxado (Aula virtual do Conservatorio), onde se encontran os exercicios que deben realizarse ao longo do cuatrimestre así como un tutorial básico. 2. Formatos de arquivo e compatibilidades: .sib, .mus, etc. 2.2.- Exportar como gráficos e insertar texto. 2.3.- Pdf. 3. Instrumentación virtual. Orquestra e percusión. En xeral, explicación de todos os contidos que veñan reflectidos nos exercicios do libro de traballos.	17
Total de sesións por cuatrimestre		17



5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases prácticas	30		30
Avaliación inicial	1		1
Avaliación final	1		1
Busca de información	2		2
Lectura de fontes		5	5
Traballo individual		21	21
Total de horas por cuadrimestre			60

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
---------------------------	-------------------------	------------------------	-------------

➔ PROFESOR D. JUAN EIRAS

ORDINARIA

AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)

Traballo persoal	Actitude na clase e traballo diario	Todas	20%
Traballos	Entrega de traballos	Todas	40%
Exame	Exame tipo test e/ou proba escrita	Todas	40%

*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..

AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)

Exame	Ver avaliación extraordinaria.		
Traballo persoal	Ver avaliación extraordinaria.		

AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)

Exame	Ver avaliación extraordinaria.		
Traballo persoal	Ver avaliación extraordinaria.		

EXTRAORDINARIA

Exame	Exame tipo test e/ou proba escrita	Todas	60%
Traballo persoal	Entrega de traballos	Todas	40%

* Soamente se fai a ponderación final se o alumno realiza as dúas partes (tanto na avaliación ordinaria como na extraordinaria).

➔ PROFESOR D. DAVID CUEVAS

ORDINARIA

AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)

Traballo persoal	Actitude na clase e traballo diario	Todas	20%
Traballos	Entrega de traballos	Todas	40%
Exame	Exame tipo test e/ou proba escrita	Todas	40%

* Soamente se fai a ponderación final se o alumno supera todas as partes.

*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..

AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)

Exame	Exame tipo test e/ou proba escrita	Todas	100%
-------	------------------------------------	-------	------

AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)

Exame	Exame tipo test e/ou proba escrita	Todas	100%
-------	------------------------------------	-------	------

EXTRAORDINARIA

Exame	Exame tipo test e/ou proba escrita	Todas	100%
-------	------------------------------------	-------	------

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.



discapacidade e da súa inclusión social, deberán cumprirse as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.

8. Bibliografía, materiais e documentos

- Bowen, Jeff - Como Convertirse en un músico informático. Ed. Anaya multimedia SGAE
- Núñez, A., Informática e electrónica musical. Madrid. Ed. Paraninfo 1992.
- Calvo-Manzano, A.: (2002) "Acústica físico-musical". Real Musical, Madrid (Spain)
- Rasskin, Martín - Música virtual. S.G.A.E. Ed. Anaya multimedia.
- De Olazábal, Tirso - Acústica musical e organoloxía. Ed. Ricordi.
- Reck Miranda, E. - Música y nuevas tecnologías, Perspectivas para el siglo XXI. Ed. ACC L'Angelot.
- Enrique, Luis L. - Acústica Musical. Ed. Fundación Calouste Gulbenkian.
- Rumsey, Fancis & Mc Cormick, Tim - Sonido y grabación. Ediciones Omega (2008).
- Fernández de la Gándara, Gonzalo & Lorente, Miguel - Acústica musical. Ed. ICCMU colección Musica Hispana Textos. Manuales.
- Tutoriais dixitais e audiovisuais do programa Finale 2008.
- Tutoriais dixitais e audiovisuais do programa Sibelius 6.
- Supper, M.: (2004) "Música electrónica y música con ordenador". Alianza Editorial, Madrid (Spain).